



Guía Docente						
Datos Identificativos				2019/20		
Asignatura (*)	Dereito da persoa		Código	612G01007		
Titulación	Grao en Dereito					
Descriptores						
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6		
Idioma	Castelán					
Modalidade docente	Presencial					
Prerrequisitos						
Departamento	Dereito Privado					
Coordinación	Leigeren Molina, Antonio	Correo electrónico	antonio.legeren@udc.es			
Profesorado	Collado Rodríguez, Noelia	Correo electrónico	noelia.collado@udc.es			
	Díaz Teijeiro, Carlos María		carlos.diaz.teijeiro@udc.es			
	Garcia Presas, Inmaculada		i.garcia.presas@udc.es			
	Leigeren Molina, Antonio		antonio.legeren@udc.es			
	Rovira Sueiro, María Esther		maria.rovira@udc.es			
Web						
Descripción xeral	Nesta materia pretendemos o estudo da persoa, a súa situación xurídica na sociedade. A capacidade, nacionalidade, dereitos da personalidade son materias fundamentais, pero non se trata dun coñecemento detallado e pormenorizado senón da adquisición de nocións básicas implicadas nos temas sinalados que colocarán ao alumno en situación de poder estudar aspectos más concretos que son obxecto de estudio e avaliación en cursos posteriores.					

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecemento das principais institucións xurídicas.
A2	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
A3	Percepción do carácter sistemático do ordenamento xurídico.
A4	Percepción do carácter interdisciplinar dos problemas xurídicos.
A5	Coñecemento dos principios e valores constitucionais.
A6	Comprensión das distintas manifestacións do derecho na súa evolución histórica e na súa realidade actual.
A7	Coñecemento das estruturas xurídico-políticas de ámbito nacional e internacional.
A8	Coñecementos básicos de argumentación xurídica.
A9	Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutrinais).
A10	Capacidade de interpretar e analizar críticamente o ordenamento xurídico.
A11	Capacidade de comprender e de redactar documentos xurídicos.
A12	Manexo da oratoria xurídica. (Capacidade de expresarse apropiadamente en público).
A13	Dominio das novas tecnoloxías aplicadas ao derecho.
A14	Capacidade de elaboración de normas.
B3	Que os estudiantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudio) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que os estudiantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B6	Aprender a aprender.
B7	Resolver problemas de forma efectiva, valorando a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B8	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora.
B9	Traballar de forma autónoma con iniciativa tendo en conta a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a vida.
B10	Traballar de forma colaborativa.
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.



B12	Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo, amosando capacidade de expresión tanto oral como escrita en calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma, así como nun idioma estranxeiro.
B13	Capacidade para utilizar a rede informática (internet) na obtención de información e na comunicación de datos e, en xeral, capacidade para empregar as ferramentas básicas das TIC necesarias para o exercicio da súa profesión.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Manexo adecuado das categorías xurídicas propias do Dereito da persoa, o que abrangue o que é a persoa física, a persoa xurídica, os dereitos da personalidade e demás situación xurídicas relevantes, básicamente os distintos estados civís	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A12	B7 B9 B10 B12	C1 C2 C3 C7
O alumno debe adquirir as competencias e as destrezas suficientes para abordar e resolver con éxito calquera cuestión conflictiva referente aos bens da personalidade ou os estados civís da persoa.	A8 A9 A10	B6 B8 B11 B12 B13 B3 B4	C2
Elaborar e comprender correctamente os documentos e negocios necesarios para constituir unha persoa xurídica (fudacións e asociacións)	A9 A10 A11 A13 A14	B10	C2 C4 C6
Destrezas básicas das novedades do Rexistro Civil rematado o período de "vacatio legis" da Nova Ley do Rregistro Civil	A11	B13	C1 C2 C3 C8

Contidos

Temas	Subtemas
Lección 1.- O Dereito da Persoa	1.- A posición funcional e institucional da persoa no Ordenamiento xurídico 2- O deber xeral de respeto á persoa 3.- A Capacidade xurídica: concepto e características 4.- A capacidade de obrar: concepto, caracteres e clases



Lección 2.-A Persoa física e a persoa xurídica	1.- Requisitos esixidos no Ordenamiento xurídico español para a adquisición da personalidade. 2.-A extinción da personalidade da persoa física. 3.- A declaración de falecemento. 4.- A persoa xurídica: Concepto e clases de persoas xurídicas
Lección 3.- O concibido	1.- Situación xurídica do concibido non nacido ante o Dereito civil. 2.- Contido da protección xurídica do concibido no Dereito positivo
Lección 4.- Os bens ou dereitos da personalidade	1.- Concepto, natureza xurídica e carácteres. 2.- A protección dos bens da personalidade
Lección 5.- Os bens da personalidade na esfera física	1.- A tutela civil da vida e da integridade física. 2.- Delimitación do poder interno do seu titular: a) Autorizaciós en orde ao cambio de sexo. b) Cesión e trasplante de órganos. c) Esterilización.
Lección 6.- Os bens da personalidad na esfera moral ou espiritual	1.- A tutela civil do honor, da intimidade persoal e familiar e da propia imaxe. 2.- A tutela civil do nome da persoa. O cambio de nome e apelidos. 3.- O derecho moral de autor: delimitacións, contido, natureza e protección.
Lección 7.- O estado civil da persoa	1.- Concepto e caracteres do estado civil no Ordenamento xurídico español. 2.- Estados civís admitidos no Dereito español. 3.- O título do estado civil. 4.- Contido e eficacia do estado civil
Lección 8.- O Rexistro civil	1.- Concepto, fundamento e antecedentes históricos. A nova Lei de Rexistro Civil. 2.- Organización actual 3.- Feitos e actos inscribibles. 4.- Valor xurídico dos asentos
Lección 9.- A idade da persoa	1.- A súa significación xurídica. Cómputo da idade. 2.- A maioría de idade. 3.- A menor idade e a súa significación xurídica. 4.- Determinación do ámbito de poder e capacidade do menor. 5.- A responsabilidade civil do menor
Lección 10.- A emancipación	1.- Concepto e tipos. 2.- Efectos da emancipación en xeral: as restriccións. 3.- O menor de vida independente.
Lección 11.- Outros supostos de capacidade de obrar restrinxida	1.- A persoa coa capacidade xudicialmente modificada (incapacitación): Título de atribución do estado civil de incapacitado. 2.- Efectos. 3.- Modificación e extinción da incapacitación. 4.- A prodigalidade.
Lección 12.- A nacionalidade e veciñanza civil	1.- Nacionalidade: O seu significado e vicisitudes; Adquisición e perda da nacionalidade 2.- A veciñanza civil: significado xurídico e vicisitudes; Adquisición e modificación
Lección 13. A ausencia	1.- Concepto e significado. 2.- Natureza xurídica. 3.- A defensa provisional dos intereses do desaparecido. 4.- A declaración de ausencia: Requisitos, significado e alcance. 5.- A representación legal do ausente. 6.-A terminación da situación de ausencia legal. 7.-A ausencia non declarada na Lei de Dereito Civil de Galicia



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 C2	21	0	21
Estudo de casos	A8 A10 A11 A13 A14 B6 B8 B3 C2	7	21	28
Prácticas a través de TIC	A9 A13 B13 C2 C3 C6 C8	7	7	14
Simulación	A1 A3 A6 A7 A12 B10 B11 B12 C1 C2 C7	7	14	21
Proba de ensaio	B7 B9 B3 B4 C2 C4	1	23	24
Atención personalizada		42	0	42

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Exposición oral complementada coa introdución de algunas preguntas dirixidas aos estudiantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade adoita reservarse a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se confronta ante a descripción dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de trabalho.
Prácticas a través de TIC	Realización de traballos tutelados en materias relacionadas co contido da asignatura. como pode ser o comentario dun film durante as horas presenciais asignadas á materia, nesta actividade os alumnos poderán consultar en todo momento co profesor e utilizar as TIC
Simulación	Elaboración de documentos de carácter xurídico como por exemplo unha solicitude perante o Rexistro Civil (cambio de nome e apelidos, nacionalidade, cambio de sexo), a creación dunha persoa xurídica, demandas, recursos de apelación, etc no eido de materias propias da asignatura.
Proba de ensaio	Método de evaluación consistente nunha proba escrita (examen).

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción



Prácticas a través de TIC	A atención personalizada relativa á metodoloxía prácticas a través de TIC levarase a cabo conforme ao descrito no apartado Metodoloxías. A atención personalizada xenérica consiste na tradicional tutoría mediante a cal o profesor ponse a disposición dos alumnos nun momento temporal concreto co obxecto de que estes poidan consultar ou solucionar calquera problema de xeito individualizado. Así mesmo virtualmente o/a alumno/a podrá poñerse en contacto co profesor en calquera momento e formularlle preguntas ou concertar reunións e tutorías, cando sexan cuestións puntuais poderán ser solventadas online pero sempre estará aberta a posibilidade do seu tratamento convencional e presencial. En relación aos/as alumnos/as con recoñecemento de dedicación a tempo parcial, progamarase unha primeira xuntanza para concretar o cronograma do curso e as especialidades da modalidade na entrega de traballos, prazo, formato, etc
---------------------------	--

Avaliación				
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación	
Prácticas a través de TIC	A9 A13 B13 C2 C3 C6 C8	Os traballos realizados polo alumno, logo de concluir as sesións presenciais serán entregados ou expostos na propia aula, segundo as circunstancias e, en todo caso, evaluados polo profesor tendo en conta basicamente a capacidade argumentativa demostrada e sobre todo a orixinalidade (a detección dun traballo plaxiado, en todo ou en parte, con ou sen permiso do titular da obra orixinal suporá automáticamente o suspenso na asignatura).	10	
Simulación	A1 A3 A6 A7 A12 B10 B11 B12 C1 C2 C7	Durante as sesións presenciais nos grupos reducidos os alumnos deberán expoñer os seus traballos a través dun portavoz, entregando ademais o orixinal escrito ao profesor. Ambos orixinal e intervención oral serán obxecto de avaliación.	10	
Proba de ensaio	B7 B9 B3 B4 C2 C4	Consistirá nunha proba escrita ao rematar o cuatrimestre. A proba poderá consistir nun un exame de desenvolvemento, nun exame tipo test ou nun examen de preguntas cortas. A opción concreta será especificada polo responsable de cada grupo o primeiro día de clase na presentación da materia.	70	
Estudo de casos	A8 A10 A11 A13 A14 B6 B8 B3 C2	Os alumnos durante as sesións presenciais intervirán oralmente expoñendo a súa solución aos casos propostos debatendo, no seu caso, co profesor e os seus compañeiros. Os coñecementos, competencias e habilidades demostradas durante esta exposición serán obxecto de avaliación polo profesor.	10	

Observacións avaliación



As calificacións obtidas durante o cuatrimestre a través dos traballos (prácticas, simulacións, estudio de casos etc) teránse en conta só cando o alumno asista ás clases con regularidade, o que se traduce nunha asistencia mínima do 70% das clases en grupos reducidos. Os que non cumplan con ese mínimo de presencialidade terán únicamente como cualificación a da proba de ensaio.

A devandita presencialidade non se terá en conta en relación aos/as alumnos/as a tempo parcial que solitaran e lles fora concedida a dispensa de asistencia a clase (vid. normativa que regula o réxime de estudos a tempo parcial). Estes/as alumnos/as deberán poñerse en contacto para planificar o cronograma dos traballos que se levarán a cabo ó longo do cuatrimestre.

No caso de que modelo de exame sexa de preguntas cortas, si non se especifica presumirase que teñen todas o mesmo valor. A cualificación de cero en duas das preguntas cortas suporá o suspenso automático da asignatura. En todo caso para superar a materia deberá superarse a proba escrita o que supón obter como mínimo 3.5 puntos na devandita proba.

No caso de que o exame sexa de desenvolvemento se publicitará con antelación suficiente antes da súa realización o número de preguntas e o valor de cada unha delas, de non determinarse presumirase que teñen un valor idéntico. En todo caso deberá superarse a proba escrita obtendo como mínimo a cualificación de 3.5 puntos

Fontes de información

Bibliografía básica	Os manuais que se recollen a continuación son a túa meramente de exemplo, o máis importante á hora de escoller un libro deste tipo é que esté ao día, sobre todo nos temas que foron obxecto de reforma recentemente. ABALADEJO GARCÍA, M. Derecho civil. Introducción y parte general, Edti. Edisofer, Madrid, 2013 BERCOVITZ RODRÍGUEZ-CANO, R., Manual de derecho Civil. Derecho de la persona, Edit.Bercal, 2016 DÍEZ PICAZO, L Sistema de derecho civil. I. Edit.Tecnos, Madrid, 2016 MARTÍNEZ DE AGUIRRE, C., DE PABLO CONTRERAS, P., PARRA LUCÁN, MªA., PÉREZ ÁLVAREZ, M., Curso de Derecho Civi, Tomo I.Volumen I Derecho de la persona, Edt. Edisofer, Madrid, 2016 LACRUZ BERDEJO, J.L., Elementos de derecho civil. Parte General, Edit.Dykinson, 2010 LASARTE ÁLVAREZ, C., Principios de Derecho Civil. Tomo I: Parte General y Derecho de la Persona, Edit.Dykinson, Madrid 2017 VVAA , Cuadernos prácticos Bolonia, Persona Cuaderno II La falta de capacidad. Instituciones protectoras, Edti.Dykinson, Madrid, 2009 Cuadernos prácticos Bolonia, Persona Cuaderno III La persona física y sus derechos, Edti.Dykinson, Madrid, 2009 Tamén é importante manexar un Código Civil da última edición (esperar pola de setembro 2019)
Bibliografía complementaria	A lo largo do curso cando se trate cada tema específico recomendaránse lecturas sobre o mesmo tanto de artigos de revistas como de monografías que se pueden atopar na biblioteca do centro.

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Fundamentos romanísticos da cultura xurídica occidental/612G01001

Dereito Constitucional: Fontes e Dereitos/612G01003

Comunicación oral e escrita/612G01004

Teoría do Dereito/612G01006

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías